



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de promoción interna.

Categoría: Técnico/a de Son

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Consonte co disposto no artigo 2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Aplícase só no ámbito laboral e do emprego público das Administracións Públicas.
- b) Garante a prevalencia do réxime xurídico que mellor protexa a discriminación das mulleres.
- c) É un principio informador do ordenamento xurídico autonómico e debe ser integrado na interpretación e aplicación das normas.
- d) Con carácter excepcional permite que se establezan diferencias de trato entre mulleres e homes si estas son xustificadas por unha lei orgánica.

2.- Consonte co disposto no artigo 3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral de la Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, na adopción e execución das políticas encamiñadas a eliminar todo tipo de discriminacións contra as mulleres, terán en consideración o traballo realizado pola Comisión de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:

- a) Do Parlamento de Galicia.
- b) Da Xunta de Galicia.
- c) Do Congreso dos Deputados.
- d) Da Consellería de Política Social e Igualdade.

3.- Consonte co disposto no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puider ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable denomínase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Práctica neutra.

4.- Consonte co disposto no artigo 5 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a diferenza de trato en base a unha característica relacionada co sexo dunha persoa cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito sexa proporcionado, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Non constitúe discriminación por razón de sexo.

5.- Consonte co disposto no artigo 6 de la Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Acoso por razón de sexo.

6.- Que elemento é fundamental para evitar bucles de masa nunha instalación de son?

- a) Compresor.
- b) Mesa de mesturas.
- c) Caixa de inxección.
- d) Ecuallizador.

7.- Que tipo de conector se usa máis habitualmente para sinais balanceados de microfonía profesional?

- a) TRS.
- b) Speakon.
- c) XLR.
- d) Jack TS.

8.- A impedancia nominal estándar de moitos altofalantes de instalación pasivos é de:

- a) 0 Ohmios.
- b) 1000 Voltios.
- c) 2 Megaohmios.
- d) 8 Ohmios.

9.- Nunha liña de alta impedancia, que elemento necesita cada altofalante?

- a) Un crossover activo.
- b) Un transformador de liña.
- c) Unha batería.
- d) Un preamplificador.

10.- Que cable se utiliza para evitar interferencias electromagnéticas en tiradas longas?

- a) Cable unifilar.
- b) Cable de cobre.
- c) Cable UTP.
- d) Cable apantallado.

11.- O proceso no que se comproba a fase dos altofalantes antes do seu uso chámase:

- a) Aplicación de crossover.
- b) Desfasamento.
- c) Axuste de sistemas.
- d) Verificación de polaridade.

12.- Que dispositivo centraliza as conexións nun rack para facilitar o enrutamento?

- a) Etapa de potencia.
- b) Limitador.
- c) Patch panel.
- d) Subwoofer.

13.- Cando se monta un monitor de audio nun truss elevado en televisión, que elemento mecánico permite axustar a inclinación vertical para orientar o son directamente cara á posición do presentador?

- a) O manfrotto.
- b) A lira ou soporte en U.
- c) O motor de elevación.
- d) A slinga.

14.- Que é o IFB (Interrupted Foldback)?

- a) Un protocolo de sincronización audio-vídeo.
- b) Unha norma de instalación de sistemas de microfonía.
- c) Un sistema de protección dos altosfalantes.
- d) Canle de comunicación para o presentador (pinganillo).

15.- Cal é a función principal dun micrófono de 'cañón' (Shotgun) en TV?

- a) Captación de alta direccionalidade para fontes sonoras distantes.
- b) Captar todas as direccións por igual.
- c) Facer o seguimento do/a presentador/a.
- d) Capturar as frecuencias medias, nas que se encaixa a voz.

16.- Que normativa regula habitualmente o control de sonoridade (Loudness) en TV?

- a) EBU R128
- b) IEEE 802.11
- c) MPEG-4
- d) ISO 9001

17.- O 'Room Tone':

- a) Axuda na edición de diálogos e continuidade.
- b) Emprégase para probar os niveis dos micros.
- c) Indica a sintonía do programa.
- d) Son os efectos de audio que se lanzan en directo nun programa.

18.- Como se chama a canle dedicada a frecuencias baixas nun sistema 5.1?

- a) Woofer chanel.
- b) LFE.
- c) Tweeter.
- d) Rear.

19.- Que código se utiliza para sincronizar audio e vídeo en televisión?

- a) Word Clock.
- b) Timecode (SMPTE).
- c) Dante.
- d) MTC (MIDI Time Code).

20.- Que significan as siglas ADR e cal é a súa finalidade principal en televisión e cine?

- a) Recuperación de Distorsión Analóxica (Analogue Distortion Recovery): Sistema de recuperación de sinais analóxicos degradados polo magnetismo das cintas.
- b) Substitución Automatizada de Diálogos (Automated Dialogue Replacement): Proceso de regrabación de diálogos nun contorno controlado para substituír o son directo de baixa calidade.
- c) Gravación Dixital de Audio (Audio Digital Recording): Norma estándar que define a frecuencia de mostraxe para as emisións en TDT.
- d) Receptor de Distancia Automático (Automatic Distance Receiver): Dispositivo que axusta a ganancia do micrófono segundo a distancia do actor.

21.- Un equipo ENG está a realizar unha entrevista nunha contorna con moito ruído ambiente. Que combinación de técnica e equipamento é a máis axeitada para garantir a intelixibilidade da voz?

- a) Utilizar un micrófono de condensador con captación súper cardioide, para evitar os rúidos periféricos.
- b) Utilizar un micrófono dinámico e cardioide con zeppelin.
- c) Utilizar un micrófono dinámico e cardioide con protector antivento de espuma ou peluche.
- d) Utilizar un micrófono de solapa con protector antivento (deadcat).

22.- Que significa FOH no contexto do directo?

- a) Fade-Out Hybrid: Sistema de transición automática que permite enlazar diferentes entradas de son na mesa de directos.
- b) Field Operational Headroom: Marxe de seguridade dinámica que se reserva no sistema de amplificación para evitar picos de tensión no campo de traballo.
- c) Foldback Operational Hub: Punto de conexión centralizado dende o cal se xestionan os envíos de monitoraxe (escoita) para os/as músicos/as no escenario.
- d) Front of House: zona de control situada entre o público, onde se realiza a mestura da sinal principal ou PA.

23.- Para que se empregan os envíos "Auxiliares" principalmente nunha mesa de mesturas de son directo?

- a) Para a xestión de mesturas independentes de monitores e o envío de sinal a procesadores de efectos.
- b) Para alimentar electronicamente a circuitería interna da mesa e os faders motorizados.
- c) Para controlar os niveis de saída dos buses que van ao máster LR cara ao sistema de PA.
- d) Para realizar a comunicación interna (Talkback) entre o/a técnico/a de FOH e o/a de Monitores.

24.- Cal é a secuencia lóxica e a finalidade das accións que se levan a cabo durante unha proba de son (soundcheck) profesional?

- a) Verificación de sinais (Line-check), axuste de ganancia e EQ individual, mestura de monitores e proba de conxunto.
- b) Ecuilibración de micrófonos, axuste de ganancias, asignación de envíos de efectos post-fader.
- c) Test de niveis, ecuilibración da sala, proba de micros e axustes de PA.
- d) Line-check, axuste de ganancias, ecuilibración paramétrica, proba de niveis.

25.- Cales dos seguintes elementos se consideran sistemas ou métodos de monitoraxe (escoita) para os/as músicos/as nun escenario?

- a) Monitores de chan (wedges).
- b) Sistemas de escoita intraural (In-Ear Monitors).
- c) Sistemas de reforzo lateral (side-fill).
- d) Todas as anteriores son correctas.

26.- Cal é a función dunha porta de ruído?

- a) Eliminar un acople.
- b) Eliminar un pico de sinal.
- c) Eliminar sinais por debaixo dun limiar.
- d) Inverter a polaridade para eliminar un ruído nun sinal balanceado.

27.- Que describe mellor un sistema Line Array no contexto do son en directo?

- a) Arranxo de altosfalantes en liña divididos en diferentes vías para cubrir exclusivamente os laterais do escenario (side fill).
- b) Arranxo de altosfalantes en liña que xera un acoplamento entre fontes para crear unha onda cilíndrica e unha cobertura uniforme a longa distancia.
- c) Arranxo de altosfalantes que utiliza a cancelación de fase selectiva para reducir a dispersión sonora en espazos acoutados.
- d) Arranxo de altosfalantes de escenario aliñados para cubrir as zonas de sombra do público (front-fill).

28.- A posición 'Pre-fader' nun auxiliar úsase normalmente para:

- a) Envíos a procesadores de efectos.
- b) Mesturas de monitoraxe para o escenario.
- c) O control do nivel de saída do Máster LR.
- d) A escoita técnica de solo (PFL).

29.- Que ferramenta visual axuda a ver o espectro de frecuencias en tempo real?

- a) Espectrómetro.
- b) Voltímetro.
- c) Crossover.
- d) RTA.

30.- Que tipo de micrófono adoita requirir alimentación Phantom (+48V)?

- a) Dinámico.
- b) De cinta.
- c) Condensador.
- d) Piezoeléctrico.

31.- Que define o concepto de "latencia" durante o proceso de gravación nunha estación de traballo de audio dixital (DAW)?

- a) A perda de resolución en bits que ocorre ao converter un sinal dixital de alta impedancia nun de baixa impedancia.
- b) O atraso temporal que existe entre a entrada dun sinal no sistema e a súa monitorización ou saída.
- c) A saturación do bus de datos cando o reloxo de sincronización (Word Clock) excede os 192 kHz.
- d) O tempo de recuperación (Release) que necesita un plug-in de reverberación para liberar a memoria caché do procesador.

32.- Como se denomina a etapa do proceso de produción na que se equilibran os niveis de amplitude, o posicionamento no campo estéreo (panorama) e o procesamento tímbrico de cada pista individual para formar un conxunto coherente?

- a) Captación.
- b) Mestura (*Mixing*).
- c) Masterización (*Mastering*).
- d) Afinación e Edición.

33.- Cal é a principal característica da técnica estéreo "XY" (par coincidente) á hora de gravar unha fonte sonora no estudio?

- a) Utiliza dous micrófonos de condensador separados por unha distancia de 3 a 5 metros para maximizar a diferenza de tempo.
- b) Coloca dúas cápsulas cardioides no mesmo punto vertical, anguladas normalmente a 90°, minimizando así os problemas de cancelación de fase.
- c) Emprega un micrófono omnidireccional e outro de figura en oito para descodificar a imaxe estéreo mediante unha matriz de suma e diferenza.
- d) Emprega un micrófono bidireccional e outro direccional, tal e como indica a súa nomenclatura, para capturar o son binaural cun reforzo frontal.

34.- O 'Overdubbing' consiste en:

- a) Unha subida brusca de nivel que satura o preamplificador e xera distorsión harmónica.
- b) Substituír a voz orixinal dun actor por outra en postproducción de cine.
- c) Gravación de novas pistas ou partes musicais sobre unha base xa gravada previamente.
- d) Unha técnica de eco que dobra o sinal para dar sensación de máis volume.

35.- No contexto dunha gravación multipista nun DAW, que ocorre cando o sinal supera o nivel máximo representable de 0 dBFS?

- a) Producción de saturación progresiva con enriquecemento harmónico típico de sistemas analóxicos.
- b) Clipping dixital debido á limitación do sistema de cuantificación, provocando recorte da forma de onda.
- c) Aliasing producido por unha insuficiente taxa de mostraxe en relación coa amplitude do sinal.
- d) Redución automática de resolución de bits para preservar a integridade do audio.

36.- Nunha sesión de produción vocal nun DAW, que técnica permite corrixir pequenas desviacións de afinación dunha interpretación sen modificar significativamente o timbre nin o carácter natural da voz?

- a) Aplicación de compresión paralela para estabilizar a dinámica e reforzar a percepción de afinación.
- b) Uso de "pitch shifting" en modo automático sobre toda a pista sen detección de notas individuais.
- c) Emprego de ferramentas de corrección de pitch en modo transparente, detectando e axustando notas individuais.
- d) Uso de ecualización paramétrica para reforzar as frecuencias fundamentais e "simular" unha afinación correcta.

37.- Como afecta o descenso da temperatura á velocidade de propagación do son no aire?

- a) Aumenta a velocidade, xa que o son viaxa máis rápido canto máis frío está o ambiente.
- b) Diminúe a velocidade, xa que o son viaxa máis amodo ao baixar a temperatura.
- c) A velocidade do son é unha constante que non varía en función da temperatura.
- d) Todas as anteriores son incorrectas.

38.- Nunha configuración de reforzo sonoro, se un altofalante produce un nivel de presión sonora de 90dB nun punto de medida determinado, cal será o nivel total resultante ao engadir un segundo altofalante idéntico que emita o mesmo sinal en fase (fontes correlacionadas)?

- a) 180dB.
- b) 96dB.
- c) 93dB.
- d) 90,3dB.

39.- Un micrófono é un...

- a) Transdutor mecánico-acústico.
- b) Transdutor acústico-mecánico.
- c) Conversor mecánico-acústico.
- d) Conversor acústico-mecánico.

40.- Que fenómeno acústico é característico da resonancia en espazos pechados debido á interacción entre ondas reflectidas e as dimensións da sala?

- a) Reverberación difusa do campo sonoro no tempo.
- b) Formación de ondas estacionarias asociadas a frecuencias modais da sala.
- c) Reflexión tardía perceptible como eco discreto.
- d) Excitación de modos propios do espazo que produce unha ampliación uniforme da enerxía sonora en todas as frecuencias debido á suma coherente das reflexións.

41.- Nunha gravación de voz de moi baixo nivel (susurro), que micrófono proporcionará maior nivel de sinal de saída para unha mesma presión sonora, mellorando a relación sinal/ruído na entrada do preamplificador?

- a) Micrófono con sensibilidade de 1,5 mV/Pa.
- b) Micrófono con sensibilidade de 20 mV/Pa.
- c) Micrófono con sensibilidade de 1,1 mV/Pa.
- d) Micrófono con sensibilidade de 2,5 mV/Pa.

42.- Que é o RT60?

- a) 60 segundos de música.
- b) Un tipo de conector.
- c) O tempo que tarda a reverberación en caer 60dB.
- d) O modelo dunha mesa.

43.- Que ocorre coa presión sonora ao duplicar a distancia da fonte (ao aire libre)?

- a) Mantense igual.
- b) Cae 100 dB.
- c) Cae 6 dB.
- d) Sube 6 dB.

44.- No contexto da produción radiofónica, cal é a principal diferenza estrutural entre un guión de modelo europeo e un de modelo americano?

- a) O modelo europeo emprega unha soa columna onde se mesturan indicacións técnicas e texto, mentres que o americano utiliza dúas columnas (unha para técnica e outra para locución).
- b) O modelo europeo escríbese habitualmente a dúas columnas (separando a técnica do contido), mentres que o americano emprega unha soa columna integrando as instrucións técnicas no propio texto.
- c) O modelo europeo céntrase nas indicacións dos planos sonoros (PP, PPP...), mentres que o americano prioriza as músicas e os efectos especiais.
- d) Non existen diferentes guións de radio en función do emprazamento.

45.- Para que a voz dun comunicador ou comunicadora teña proxección e un timbre equilibrado, o son debe distribuírse polas cavidades resoadoras. Cales das seguintes estruturas actúan como os principais resoadores do corpo humano?

- a) A farinxe, a cavidade oral e, en menor medida, as cavidades nasais; xa que son espazos variables que permiten modificar e amplificar os harmónicos da voz.
- b) A larinxe, a traquea e o diafragma; xa que actúan como engrenaxe pola que circula o aire.
- c) As cavidades torácica e abdominal; xa que nelas se alberga o maior volume de aire do corpo e interveñen na emisión da voz.
- d) O aparello pulmonar e o cranio, xa que ao seren estruturas óseas sólidas, son os principais responsables da colocación e proxección do son cara ao exterior.

46.- Nunha locución profesional, a 'dicción' refírese a:

- a) A velocidade ou cadencia rítmica coa que o locutor ou locutora aborda un texto para axustarse ao tempo de emisión.
- b) A correcta articulación de cada fonema e a claridade na pronunciación dos sons, garantindo a intelixibilidade da mensaxe.
- c) A calidade tímbrica ou "cor" da voz, determinada polo uso dos resoadores superiores e a larinxe.
- d) A colocación correcta das pausas e a modulación da entoación no discurso.

47.- No deseño de espazos sonoros para unha ficción radiofónica, un técnico decide aplicar o efecto Doppler para dar verosimilitude a un obxecto sonoro en movemento. Que fenómeno físico-acústico está tentando recrear para que a audiencia perciba correctamente o desprazamento?

- a) O cambio aparente na amplitude da onda.
- b) O cambio aparente na frecuencia da onda.
- c) O cambio aparente no timbre do son.
- d) O cambio do nivel de sonoridade do son.

48.- Á hora de salvagardar material de audio nun arquivo, cal é o procedemento estándar para a dixitalización e preservación de documentos de audio que garante a integridade do patrimonio sonoro a longo prazo?

- a) A conversión dos soportes orixinais a formatos con compresión sen perda (*lossless*), co obxectivo de optimizar o espazo de almacenamento nos servidores de backup.
- b) A creación de copias de preservación en formatos de audio lineal e sen compresión, mantendo a resolución nativa da captura e evitando calquera procesamento ou alteración do sinal orixinal.
- c) O uso de formatos propietarios de alta resolución para garantir a calidade.
- d) A aplicación de filtros de restauración e normalización de niveis durante a fase de transferencia para homoxeneizar a calidade de todo o fondo documental.

49.- No deseño de banda sonora para unha produción audiovisual, como se define tecnicamente un son "extradiexético" e que función cumpre respecto á narración?

- a) É aquel son que provén de fontes que non son visibles en pantalla, pero que pertencen ao espazo físico da acción.
- b) É aquel son que provén dunha fonte sonora presente en escena.
- c) É aquel son que non pertence ao universo da historia e que os personaxes non poden escoitar, funcionando exclusivamente como un recurso expresivo para o espectador (por exemplo, a música incidental ou de fondo).
- d) É o son que se produce exclusivamente dentro da mente dun personaxe (voces internas ou recordos), polo que se considera unha diéxese subxectiva ou interna.

50.- No ámbito da saúde auditiva en profesionais do son, que se entende por tinite (tinnitus) e cal é a súa principal característica perceptiva?

- a) Unha perda auditiva progresiva nas frecuencias altas debida á exposición continuada a niveis elevados de presión sonora.
- b) A percepción de sons sen que exista unha fonte acústica externa, como zumbidos ou pitidos.
- c) Unha perda auditiva progresiva nas frecuencias baixas asociada á exposición continuada ao ruído.
- d) Unha inflamación do oído externo que provoca dor e dificultade na percepción auditiva.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Consonte co disposto no artigo 9 da Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación sufrida por unha persoa por razón do sexo, o embarazo, o parto ou a maternidade, da asunción de obrigas familiares ou do estado civil doutra coa que estivera relacionada denomínase:

- a) Discriminación sexista por asociación.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- d) Discriminación sexista por erro.

R2.- Nun contorno de produción musical nun DAW, estás a mesturar unha sección orquestral (cordas) e precisas aplicar unha reverberación común mantendo o control independente da cantidade de efecto por pista, sen alterar a sinal orixinal. Cal sería a arquitectura de enrutamento máis eficiente e estándar en produción profesional?

- a) Inserción directa de reverberación en cada pista individual (Insert), axustando o parámetro Wet/Dry de forma independente en cada canle.
- b) Aplicación de normalización de nivel por grupo de pistas para compensar a suma de sinal antes do procesamento espacial.
- c) Creación dun envío auxiliar (AUX Send) cara a un bus de efectos con procesamento 100% Wet e retorno estereofónico independente á mestura.
- d) Consolidación das pistas mediante "bounce in place" para imprimir o efecto de reverberación de forma destrutiva no audio final.

R3.- O rango de frecuencias que definen o espectro audible son:

- a) 0 Hz a 130 kHz.
- b) 20 Hz a 20 kHz.
- c) 1 kHz a 2 kHz.
- d) 20 kHz a 40 kHz.